

guía de intervención pedagógica

«Minotauromaquia»



proxecto Fiestra

Financiado pola Deputación de Ourense.

Material educativo elaborado pola Academia Galega do Audiovisual en colaboración co Grupo de Investigación Terceira Xeración da USC para a súa difusión en centros de ensino de Galicia.

Deseño e maquetación: ekinocio
Ano: 2020

www.fiestra.gal

índice


- | | |
|---|--|
| 1. Materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra «Minotauromaquia»:
Educación Secundaria Obrigatoria
1º de Bacharelato
2º de Bacharelato | P5 |
| 2. Temas e valores na obra «Minotauromaquia» | P7 |
| 3. Sobre a obra «Minotauromaquia» | P8 |
| 4. Ficha técnica e palmarés «Minotauromaquia» | P9 |
| 5. Actividades:
5.1. Preguntas e respostas para docentes
5.1.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
5.1.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

5.2. Preguntas para alumnas e alumnos
5.2.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
5.2.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias | P11

P14 |

recomendacións para antes e despois de ver a obra: www.fiestra.gal

Ignacio Benedeti Cinema
presenta:



MINOTAUROMAQUIA

Pablo no labirinto

Unha curtametraxe de:
JUAN PABLO ETCHEVERRY

Producida por IGNACIO BENEDETI, escrita e dirixida por JUAN PABLO ETCHEVERRY
coa colaboración de PABLO PELLICER, SAM e ESTEBAN CAAMAÑO. Música de IGOR STRAVINSKY
adaptada por XURXO VARELA e PABLO PÉREZ. Son de ENRIQUE OTERO e DANIEL PATIÑO
Producción executiva de XOSE ZAPATA



materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *Minotauromaquia*

1.

Apta para maiores de 7 años.
Recomendada para maiores de 15 anos.

Nota para todos os ciclos e cursos:

Esta obra é susceptible de ser abordada en calquera das materias escolares xa que, tal e como recolle a LOMCE, «nas diferentes materias que integran o currículo educativo de todos os cursos trabállase de forma transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional».

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
PRIMEIRO CICLO (1º, 2º e 3º Curso)	SEGUNDO CICLO (4º Curso)
 Educación Plástica, Visual e Audiovisual	 Educación Plástica, Visual e Audiovisual

1º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> Lingua Galega e Literatura 	<ul style="list-style-type: none"> Historia do Mundo Contemporáneo 	<ul style="list-style-type: none"> Historia do Mundo Contemporáneo Fundamentos da Arte Cultura Audiovisual
MATERIAS ESPECÍFICAS DE OPCIÓN E LIBRE CONFIGURACIÓN Debuxo Artístico Volume		

2º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> Historia de España 	<ul style="list-style-type: none"> Historia de España Historia da Arte 	<ul style="list-style-type: none"> Historia de España Fundamentos da Arte Cultura Audiovisual
MATERIAS ESPECÍFICAS DE OPCIÓN E LIBRE CONFIGURACIÓN Debuxo Artístico Imaxe e Son Técnicas de Expresión Gráfico Plástica		

temas e valores na obra *Minotauromaquia*

2.

TEMAS

Arte
Cubismo
Pablo Picasso
Labirinto
Minotauro
35 mm
Stop motion
Plastilina

VALORES

Intelectuais:

- Atención
- Curiosidade
- Imaxinación
- Fantasia

Creativos e innovadores

- Recursividade
- Simbolización
- Innovación

Estéticos

Artísticos

- Gráficos
- Pictóricos
- Cinematográficos

sobre a obra *Minotauromaquia*

3.

As obras toman vida e reclaman protagonismo, crendo estar por enriba do creador. Cando Picasso se ve acurralado, terá que acometer unha curiosa transformación para recobrar a liberdade.

Esta primeira curtametraxe en formato cinematográfico de 35 mm do director J.P. Etcheverry rodouse con animación intervalométrica [*stop motion*] sobre personaxes de plastilina.



ficha técnica e palmarés acadado *Minotauromaquia*

4.

FICHA TÉCNICA

Animación: Pablo Pellicer, Sam Pellicer
Dirección: Juan Pablo Etcheverry
Guión: Juan Pablo Etcheverry
Producción: Ignacio Benedeti
Producción executiva: Xosé Zapata
Xefatura de produción: Alicia Veira
Xefatura de son: Enrique Otero, Daniel Patiño
Produtora: Ignacio Benedeti Cinema S.L.

PALMARÉS

Ten participado en corenta festivais en só tres meses de distribución, nos que recibiu unha ducia de premios nacionais e internacionais. Entre eles,

- Mellor Animación e Premio Especial do Xurado no Curtocircuíto. Santiago de Compostela 2004.
- Distinción á Mellor Curtametraxe no Festival de Cádiz 2004.
- Gran Premio no Festival de Cine de Animación de Matita. Chieti, Italia 2004.
- Primeiro Premio *Golden Oosik* no *Anchorage Film Festival*. Alaska, EEUU 2004.
- Premiada no Festival de Benicàssim.
- Única película española de animación seleccionada nos festivais de *Hiroshima* (Xapón), *Palm Springs* (EEUU), *Matita Film Festival* (Italia) e *Golden Horse* (Taipei, Taiwan).
- Premio do Público no Festival de Animación de *Bradford*, o máis acreditado dos festivais de animación do Reino Unido.
- Participou en 2004 nos festivais *FIKE* (Évora, Portugal), *Las Nuits Magiques* (Burdeos, Francia), e *Il Castelli Animate* (Roma, Italia).
- Seleccionada para o programa Curtas 04 do Consorcio Audiovisual de Galicia.
- Candidata aos Premios Goya na categoría de Mellor Curta de Animación 2005.
- Premio do Público á Mellor Curta de Animación e Premio do Xurado á Mellor Curta de Animación. II Festival de Cans 2005.

- Mellor Animación no *Independent Film Festival of Washington*. EEUU 2005.
- Segundo Premio no *MFA Planet Europe Short Film Festival* de Palma de Mallorca 2005.
- Premio Mestre Mateo 04 á Mellor Curtametraxe de Animación 2005.
- Primeira película galega candidata aos Premios do Cine Europeo 2005.

actividades

5.

preguntas e respostas para docentes

5.1

5.1.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

Pablo Picasso, protagonista desta curtametraxe, é un dos creadores e máximos expoñentes do Cubismo.

1. Que é o Cubismo?

- > Momento de debate e acción común.
- > Resposta: é un movemento artístico europeo de principios do século XX caracterizado pola descomposición da realidade en figuras xeométricas.

Unha das obras máis famosas de Pablo Picasso é o *Guernica*.

2. Coñecedes o *Guernica*?

3. Que representa?

- > Momento de debate e acción común.
- > Resposta: o 18 de xullo de 1936 deu comezo a Guerra Civil Española. Entre outros episodios destaca o bombardeo de Guernica, ocorrido o 26 de abril de 1937. Máis de tres horas de terror, 50 toneladas de bombas e 3.000 artefactos incendiarios deixaron o pequeno pobo de Guernica esnaquizado, convertido en escombros, con máis dun centenar de mortos, miles de feridos, de ruínas e de persoas sen fogar.

Uns meses antes do bombardeo o Director Xeral de Belas Artes, Josel Renau, a petición do Goberno da Segunda República Española, encargara a Picasso unha gran composición para ser exposta no pavillón español da Exposición Universal de París de 1937. Picasso pensaba pintar un cadro dedicado ao pintor e as súas musas onde estivera representado o seu taller, pero ante as terribles novas que lle chegan de España un mes antes da inauguración decide cambiar de tema e converter a Guernica e ao terror da guerra no protagonista do mesmo.

«Máis de tres horas de terror, 50 toneladas de bombas e 3.000 artefactos incendiarios deixaron o pequeno pobo de Guernica esnaquizado»

A figura do minotauro aparece en múltiples ocasións ao longo da traxectoria de Pablo Picasso.

4. Sabes cal é a orixe do minotauro?

- > Momento de debate e acción común.
- > Resposta: o minotauro era un monstro da mitoloxía grega, con corpo de home e cabeza de touro. O seu nome significa 'touro de Minos' e, segundo o mito orixinal, este estraño animal nace do encontro entre un touro e Pasífae, esposa de Minos. Este, ao decatarse da aventura da súa muller, ordena a Dédalo que constrúa un labirinto onde facer prisioneiro ao minotauro, que é finalmente asinado por Teseo.

5. Consegue Picasso finalmente librarse do labirinto? Como?

- > Momento de debate e acción común.
- > Resposta: si, pintando unha pomba.

5.1.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

Durante toda a obras podemos contemplar como Picasso pinta frechas na parede.

1. Con que fin pinta Picasso as frechas?

- > Momento de debate e acción común.
- > Resposta: aberta.



2. Identifícade, coa axuda de Internet, o título das obras de Picasso ás que pertencen as creacións das seguintes imaxes:

Guitarra



Paulo como arlequín



La mujer que llora



Guernica



preguntas para alumnas e alumnos

5.2

5.2.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

Pablo Picasso, protagonista desta curtametraxe, é un dos creadores e máximos expoñentes do Cubismo.

1. Que é o Cubismo?

Unha das obras máis famosas de Pablo Picasso é o *Guernica*.

2. Coñeces o *Guernica*?

3. Que representa?

A figura do minotauro aparece en múltiples ocasións ao longo da traxectoria de Pablo Picasso.

4. Sabes cal é a orixe do minotauro?

5. Consegue Picasso finalmente librarse do labirinto? Como?

5.2.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

Durante toda a obras podemos contemplar como Picasso pinta frechas na parede.

1. Con que fin pinta Picasso as frechas?



2. Identifícade, coa axuda de Internet, o título das obras de Picasso ás que pertencen as creacións das seguintes imaxes:





DEPUTACIÓN
OURENSE